

PLAN DE ORIENTACIÓN



**CEIP MANUEL MASDÍAS
FERROL**

CURSO 20-21

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN
 - 1.1. Marco legal do Departamento
 - 1.2. Estructura do Departamento
 - 1.3. Descrición da zona educativa
3. OBXECTIVOS
4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS
5. RECURSOS
6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS
7. METODOLOXÍA
8. PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PAADO).
9. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

1. INTRODUCCIÓN

O Departamento de Orientación idéase como unha unidade orgánica e funcional de participación e de coordinación, coa finalidade de potenciar a acción titorial e de orientación, así como unha determinada oferta curricular adaptada e diversificada.

O Plan Anual de actuación do Departamento de Orientación que se presenta a continuación contempla un conxunto de accións destinadas a mellorar o proceso de ensino- aprendizaxe (E-A), expoñendo a axuda que se dispensa ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Este Plan concrétase nunha tarefa de equipo con responsabilidades conxuntas, que implica ó profesorado do centro, ós profesionais externos e internos e á comunidade educativa en xeral, establecéndose así unha concepción da orientación como proceso que actúa a través de tres niveis: a Acción Tutorial, o Departamento de Orientación e os Equipos de Orientación Específicos (E.O.E.s). Os dous primeiros actúan de forma interna ó centro e dende o terceiro asesoran e apoian de forma externa e a nivel profesional.

2. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN

1. Marco legal da orientación

A orientación educativa, segundo o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27 de abril de 1998), enténdese como un proceso necesario no que está incluída a totalidade da comunidade educativa. É aquí onde prima a colaboración entre os distintos axentes tendo en conta o principio de inclusión e globalización. Polo tanto, é un proceso onde familia e escola deben de colaborar e coordinar as súas actuacións partindo dos intereses e necesidades do alumnado.

A Orde do 24 de xullo de 1998, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a organización e

funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 31/07/98), refírese no artigo 15º ao Plan de Orientación como un documento que deberá redactar o orientador/a, coordinando a súa realización e seguimento co persoal que conforme o Departamento de Orientación, e determina que deberá recoller polo menos o seguintes aspectos:

- a) Xustificación baseada no contexto
- b) Obxectivos
- c) Planificación xeral e definición de accións prioritarias
- d) Estratexias de intervención
- e) Criterios de avaliación do plan

Así, seguindo a lexislación vixente, este departamento presenta o Plan de Orientación para o curso 2020-2021 e o Plan de Actividades, os cales foron elaborados tendo en conta a Memoria de departamento do curso anterior, 2019-2020, e os aspectos xa citados.

O Marco lexislativo vixente que rexe o funcionamento do Departamento de Orientación é o seguinte:

- Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 105/2014, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria e o regulamento orgánicos dos institutos de educación secundaria, respectivamente.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de

Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación o desenvolvemento e a avaliación no segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño do 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG do 7 de novembro de 1995).
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro de 2004).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Circular 10/2010, das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

2. Estrutura do departamento

Tendo en conta as modificacións levadas a cabo pola actual Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, (en adiante L.O.M.C.E.), o Departamento de Orientación componse pola xefa do Departamento que realizará funcións como especialista de Pedagogía Terapéutica (7 horas do seu horario lectivo semanal), unha especialista de PT e unha de AL a tempo completo, ademais do profesorado coordinador de Educación Infantil e Primaria.

Descrición da zona educativa

O CEIP Manuel Masdías está ubicado en Ferrol, no barrio de Caranza. A zona caracterízase por ser de poboación obreira e de nivel socioeconómico medio e baixo. Ademais, no centro escolarízase arredor dun terzo de alumnado de etnia xitana que, en moitas ocasións, amosan problemas de absentismo escolar, ambientes desfavorecidos e situación de pobreza.

Como consecuencia, a colaboración con entidades externas de tipo social será prioridade con moito deste alumnado.

No actual curso o colexio recolle alumnos de EP e EI, o nº de alumnos é 127, distribuídos en tres aulas de EI e seis de EP.

3. OBXECTIVOS

A finalidade do Departamento de Orientación é dar unha resposta axeitada ás demandas do alumnado e do profesorado que forman parte do centro educativo, cubrindo así as súas necesidades e dificultades ao longo do período educativo. Deste xeito, acadar a calidade necesaria para o desenvolvemento integral de tódolos axentes e os procesos. Por este motivo os obxectivos propostos dende o Departamento de Orientación para o presente curso xorden do análise das funcións do propio departamento, recollidas no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde 24 de xullo de

1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional así como as Circulares das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais permitindo unificar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional en Galicia, xunto coas necesidades detectadas.

Obxectivos xerais:

- Continuar coa labor do Departamento de Orientación dentro da comunidade educativa.
- Colaborar cos distintos axentes educativos e demais servizos na busca de respostas axeitadas dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Proporcionar apoio psicopedagóxico a todo o alumnado, tendo en conta sobre todo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asesorar e orientar á comunidade educativa.

Obxectivos específicos e actividades a levar a cabo polo Departamento de Orientación

Obxectivos referidos ó Centro:

- Participar na revisión, actualización e desenvolvemento de Plans e Proxectos do centro co fin de adaptalos ás necesidades actuais e incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Cooperar coa comunidade educativa (Equipo Directivo, profesorado..) e outras, favorecendo canles de comunicación e actuación.

- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Establecer criterios para a determinación de medidas extraordinarias tales como: adaptacións curriculares, flexibilización do período de escolarización, modificación da escolarización...

Obxectivos específicos referidos ó alumnado:

- Atender á totalidade das demandas dirixidas ao Departamento de Orientación.
- Detectar e valorar as necesidades do alumnado así como dar resposta cos recursos, persoais e materiais, necesarios de xeito eficaz.
- Realizar un seguimento adecuado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar na acollida do alumnado de nova incorporación ao centro e no proceso de avaliación inicial.
- Actualizar os informes psicopedagóxicos existentes no rexistro do departamento.
- Elaborar os informes de final de etapa relativos ao Departamento de Orientación.
- Contribuir á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
- Procurar a inclusión do alumnado con NEAE.
- Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE. Organizar os apoios do alumnado que precisen reforzo educativo dentro dos niveis, tendo en conta a disponibilidad de horario do profesorado.

- Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, inmersas no propio currículo.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Facilitar o tránsito entre etapas educativas:
 - Educación Infantil-Educación Primaria.
 - Educación Primaria-Educación Secundaria Obrigatoria.
- Mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave, especialmente na competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión) e competencia matemática.
- Propoñer iniciativas que permitan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro e dos que pode ofertar o entorno.

Obxectivos referidos ó profesorado:

- Colaborar co profesor/a-titor/a na avaliación inicial do alumnado, tendo en conta o que comeza a súa escolarización no centro educativo e realizar as avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren oportunas.
- Asesorar ao profesorado na elaboración, desenvolvemento e avaliación das ACS.
- Coordinar a actuación do profesorado titor, do profesorado de apoio a NEAE e da Orientadora, de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
- Asesorar ós equipos docentes e ós equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan, así como asesoramento ó alumnado e as súas familias. Así mesmo, prestarase apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado así como os criterios de avaliación formativa.

- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo entre as etapas de Educación Infantil e Primaria.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial e, sobre todo en relación á atención á diversidade e á inclusión.
- Colaborar e asesorar no desenvolvemento da acción tutorial.
- Dar a coñecer ao equipo docente as actuacións levadas a cabo polo Departamento de Orientación.

Obxectivos referidos ás familias e a comunidade:

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados e potenciar as relacións familia-escola.
- Proporcionar ás familias a información necesaria sobre o desenvolvemento dos seus fillos e fillas e impulsar a súa colaboración e cooperación co centro educativo.
- Informar e asesorar sobre aspectos que favorezan a igualdade de oportunidades.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desventaxa socioeducativa, pertencer a minorías étnicas ou por estar vivindo situacións complexas ou problemáticas.
- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico (EOE), DO dos IES ou doutros centros.
- Coordinar a intervención do DO coas distintas institucións e profesionais que incidan na atención ao alumnado con NEAE (Saúde Mental Infantil-Xuvenil, UAMI, Centros Cívicos...) .

En síntese, as **liñas prioritarias de actuación** serán as seguintes:

- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Asesoramento, colaboración e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e á acción tutorial.
- Apoio e asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as distintas medidas de atención ao alumnado con NEAE.
- Atención a toda a diversidade presente no centro (equidade na educación).
- Promoción da participación e implicación das familias.
- Orientación académico- profesional.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓNS DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

Tendo en conta a Circular 10/2010 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos e orientación educativa e profesional en Galicia, este Plan de Orientación prestará especial atención ás seguintes actuacións:

A) Actuacións relacionadas coa inclusión e a diversidade:

- Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do Proxecto Educativo e os plans incluídos no mesmo, sobre todo no referido á atención á diversidade.
- Elaboración e posta en práctica de programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de atención á diversidade á realidade e características de cada alumno/a.
- Asesorar ao equipo docente na elaboración e desenvolvemento das Adaptacións Curriculares, das programacións e/ou das medidas de reforzo.
- Asesorar á comunidade educativa sobre os recursos existentes para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (N.E.A.E.).

B) Actuacións relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar co equipo docente no desenvolvemento das medidas contempladas no Plan de Acción Tutorial.

C) Actuacións relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución de conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.

D) Actuacións relacionadas co Plan de Orientación, co Plan Anual e coa Memoria de cada curso:

- Manter actualizado o Plan de Orientación.
- Realizar a Memoria do departamento en base ao desenvolvemento do Plan Orientación.

E) Actuacións relacionadas co proceso de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.

F) Actuacións relacionadas co DRDorienta:

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática DRDorienta.

5. RECURSOS

Os recursos que se empregarán para a posta en marcha das diversas actividades serán de dous tipos: os propios do centro e os externos, que á súa vez se agrupan en Recursos Humanos e materiais.

- **Recursos Humanos:** Atendendo ao Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a

Mellora da Calidade Educativa, o Departamento de Orientación está constituído polos seguintes membros:

Xefa do Departamento de Orientación	Alba Alcázar Villaverde
Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica	Raque Martínez García
Mestra especialista en Audición e Linguaxe	Laura Galdo Leal
Mestra coordinadora Educación Infantil	Adela María Fernández Calvo

Outros profesionais que colaborarán xunto co DO será o resto do equipo docente, o EOE, especialistas de servizos externos (pediatra, especialista de atención temperá, logopeda, traballadores de asociacións, educadores sociais, entre outros) que poidan colaborar con nós e intercambiar información relevante sobre o seu desenvolvemento persoal a fin de mellorar a calidade da aprendizaxe.

- **Recursos materiais:** Proxecto Educativo, escalas de observación, probas psicopedagóxicas e tests estandarizados, mobiliario e material adaptado, programas informáticos, manuais, dípticos/trípticos, follas de rexistro, material de reforzo, bibliografía específica, entre outros.

Ademais, contamos con un espazo habilitado para o Departamento de Orientación e aulas para as mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Así mesmo, tras detectar a necesidade de dotar ao centro de material pictográfico para os diferentes espazos e recunchos, así como para a intervención co alumnado TEA, o presente curso académico decidiuse realizar un Grupo de Traballo no que participarán as compoñentes do DO e algúns mestres para a elaboración de material pictográfico.

6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Os criterios para organizar e distribuir os recursos serán os seguintes:

- Medidas ordinarias:

O reforzo educativo será proporcionado pola profesora/o titor/a no seu grupo e que deseñará e aplicará con aqueles alumnos/as que teñen certas dificultades para conseguir os obxectivos e contados das diferentes áreas.

O profesorado con disponibilidad horaria ocuparase tamén do alumnado con necesidade de reforzo educativo, previo consenso entre o/a titor/a, a xefa do Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos. Deste reforzo educativo o/a titor/a informará ás familias.

Cabe dicir que, considerando o Protocolo Covid do centro, este curso tan só entrará en cada aula un profesor distinto ao titor/a para facer os apoios correspondentes.

- Medidas extraordinarias

A proposta de organización da atención ó alumnado por parte de profesor de PT e AL, será realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e que se indican a continuación, contando coa participación do profesorado titor do alumnado e do profesorado de PT e/ou AL. Esta proposta de organización da Docencia será elevada a Xefa de Estudos para a súa aprobación.

Os apoios da especialista de PT e AL serán priorizados do seguinte xeito:

1. Atenderase ó alumnado con necesidades educativas especiais diagnosticadas polo Equipo Específico de Orientación, Saúde Mental e/ou organismos correspondentes, teñan ou non unha adaptación curricular significativa (ACS).
2. Atenderase ó alumnado con ACS.
3. Continuarese cos apoios iniciados, priorizando os cursos baixos, no eido de poñer en práctica medidas de detección temperá e preventivas.

4. Atenderase primeiro ó alumnado con necesidades educativas de apoio educativo que xa esgotara a medida da repetición de curso.
5. Audición e Linguaxe: a especialista atenderá prioritariamente ó alumnado de menor idade para evitar que se consoliden os problemas de linguaxe e ter unha actuación preventiva o antes posible. Considérase que o alumnado de Educación Infantil de 5 anos e do 1º ciclo de Educación Primaria deben ser de atención prioritaria. Os reforzos e apoios educativos serán realizados por profesorado con dispoñibilidade horaria.
6. Atención ó alumnado procedente do estranxeiro: valorarase como necesario priorizar ó alumnado que descoñeza o castelán, o galego, ou ambos os dous idiomas na etapa da Educación Primaria.
7. De ser preciso apoios educativos fóra da aula ordinaria levaráanse a cabo durante o horario do profesorado titor e co expreso consentimento dos pais do alumno/a. A tal fin facilitaráselles ós mestres de apoio e ós titores modelos de autorización corresponden.

Distribuiremos as sesións de apoio ó longo da semana de maneira equilibrada. Procurarase que os apoios sexan o máis estables posibles tendo en conta as características de cada caso, tanto no referente ós profesionais participantes como á temporalización dos mesmos.

Como criterios para a organización do personal auxiliar educativa (coidadora), atenderase prioritariamente ó alumnado con discapacidade motórica e o alumnado máis dependente (alumno con TEA) para favorecer a autonomía nos diferentes espazos do centro educativo. Considerando que este ano solicitarase atención domiciliaria para unha das alumnas con condroplasia, a coidadora intervirá dentro de aula cun alumno de 4 anos para traballar aspectos relacionados coa autonomía persoal no aseo e na merenda. Así mesmo, entrará dentro de aula para facer acompañamento a un alumno de 4º EP con trastorno de conducta. O horario de atención e a proposta de apoio ó alumnado será elaborado pola orientadora en coordinación co profesor/a-titor/a. A proposta será elevada a Xefatura de Estudos para a súa aprobación.

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada estará baseada nun **enfoque cooperativo** e nunha **participación activa**, nos que todos os membros da comunidade poidan expresarse e facer propostas. Partindo do debate para chegar á resolución conxunta dos diferentes temas.

Ademais, partirase dun **enfoque construtivista** que será levado a cabo por profesionais cualificados nun ambiente propicio onde se traballa ó redor de diversos proxectos que favorecen especialmente ao alumnado con NEAE ao permitir compartir cos seus compañeiros/as actividades e tarefas non só curriculares, favorecendo así a súa integración e relación persoal.

A axuda no proceso de ensino-aprendizaxedo alumnado con NEAE realizarase no seu grupo clase polo equipo docente, adoptando ás medidas acordadas e oportunas e recibindo o apoio das especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, dentro e fóra da aula. As pautas de intervención serán decididas polo Departamento de Orientación tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado, as posibilidades que se teñan e o obxectivo de favorecer unha aprendizaxe significativa e funcional.

O desenvolvemento das actividades estará baseado nas seguintes estratexias metodolóxicas:

- **Reunións colectivas:** equipo docente, titor/a con familias, xuntas de avaliación, Departamento de Orientación, Claustro, CCP, Consello Escolar, comisións...
- **Reunións individuais** entre os diferentes membros da comunidade a través de entrevistas para intercambios de información.

A **forma de traballo das mestras especialistas** de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe basearase no deseño de programas de intervención individualizados e adaptados ás necesidades que presente cada neno/a. Cada programa partirá, entón, das necesidades detectadas no alumno ou alumna para concretar uns obxectivos a alcanzar a medio e longo prazo.

Ademais, especificaranse os contidos, as actividades, a metodoloxía a levar a cabo, así como unha estimación da temporalización a nivel trimestral do que se pretenderá alcanzar, considerando que o cumprimento de prazos será relativo por tratarse de necesidades de maior gravidade e coas que se obteñen logros máis a longo prazo.

8. PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PAADO)

A continuación, recóllense todas as actuacións que se levarán a cabo polo DO ao longo do curso académico 2020-2021, xunto coa temporalización correspondente.

Actividades do DO	Intervención do DO	TEMPORALIZACIÓN
Elaboración, modificación e aprobación do Plan de Orientación (P.O.E)		Setembro-outubro
Elaboración e aprobación do Plan de Actividades do Departamento de Orientación (P.A.A.D.O.)		Setembro-outubro
Actualización do Plan de Acción Titorial (PAT)		Setembro-outubro
Actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)		Setembro-outubro
Revisión e organización dos expedientes do arquivo do Departamento de Orientación.		Setembro-outubro
Recollida de solicitude de Beca NEAE 20-21 e elaboración dos informes necesarios para adxuntar.		Ata 30 de setembro

Realización da avaliación inicial.	<ul style="list-style-type: none"> • Detección de NEAE e dificultades de aprendizaxe • Elaboración das medidas educativas especiais e apoios • Seguimento do período de adaptación 	Setembro
Toma de decisións relativas as avaliacións feitas.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de propostas para a organización de actividades de reforzo e apoio dirixidas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo 	Trala avaliación inicial de setembro
Dar a coñecer á comunidade educativa o Protocolo de derivación de casos ao DO para a avaliación psicopedagóxica.		Setembro.
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar información ó profesorado titor sobre o alumnado obxecto de avaliación 	Ao longo do curso
Orientar e colaborar na elaboración de ACS e seguimento das mesmas.	<ul style="list-style-type: none"> • Apoio na elaboración e desenrolo das ACS por parte do profesorado de cada área 	Ao longo do curso
Elaborar a relación de material do alumnado que dispón de CHEQUE.		Setembro-outubro
Renovar as solicitudes de intervención do EOE do curso pasado.		Setembro-outubro
Reunións semanais do Departamento de Orientación.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización do plan do departamento 	Ao longo do curso
Adquisición de material e equipamento específico do DO-	<ul style="list-style-type: none"> • Establecemento das necesidades. 	Ao longo do curso

Elaboración dos horarios da Pt e AL e da cuidadora.	<ul style="list-style-type: none"> • Priorización das necesidades 	Setembro
Proposta de organización e elaboración dos apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria.	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar á xefatura de Estudos para a súa aprobación. 	Setembro- outubro
Traslado de información do alumnado con N.E.A.E. ao equipo docente	<ul style="list-style-type: none"> • Informar a cada titor/a das necesidades coas que conta na súa aula e das medidas a adoptar. 	Ao longo do curso
Colaboración na acollida do alumnado de nova incorporación ao centro.		Setembro
Reunións cas familias.	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitando información relevante ás familias sobre a avaliación psicopedagóxica e orientacións sobre as dificultades identificadas, os apoios establecidos e os progresos dos seus fillos 	Ao longo do curso
Programa de traballo a desenvolver co alumnado de apoio. Seguimento das aprendizaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • En coordinación co profesorado que da clase o alumnado. 	Ao longo do curso
Avaliacións Psicopedagóxicas e programas de intervención para alumnado con NEE.	<ul style="list-style-type: none"> • Sempre que se vexa a necesidade ou ben sexa reclamado por pais ou titores. 	Ao longo do curso
Colaboración e coordinación cos servizos externos que atenden ao alumnado (N.E.A.E.)		Ao longo do curso
Manter liñas de colaboración cos DO dos centros públicos de Ferrolterra.	<ul style="list-style-type: none"> • Aportar información que temos dos alumnos/as. 	Ao longo do curso

Cubrir o DRdadi 20/21		Outubro-novembro
Asistencia ás reunións de DO establecidas polo IES.		Trimestralmente
Seguimento e avaliación do periodo de adaptación.	<ul style="list-style-type: none"> Se fará un seguimento da adaptación ó novo curso escolar por parte dos/as nenos/as. 	Setembro
Participación nas sesións de avaliacións	<ul style="list-style-type: none"> Se participará nas sesións de avaliación. 	Decembro
Plan de intervención para a mellora dos resultados das avaliacións de 3º e de 6º	<ul style="list-style-type: none"> Análisis dos datos obtidos nas avaliacións de 3º e 6º, propoñendo melloras que se van realizar ó longo do curso. 	xuño
Seguemento dos casos de absentismo escolar.		Ao longo do curso.
Elaboración de informes das intervencións por parte das mestras especialistas PT e AL.		Ao finalizar cada trimestre.
Informes de altas de PT e AL.		Ao longo do curso.
Estudio dos resultados da avaliación do 1º trimestre, medidas a adoptar	<ul style="list-style-type: none"> Organizar as medidas de reforzo segundo os resultados da avaliación 	Xaneiro
Apoio ó alumnado con NEAE.	<ul style="list-style-type: none"> Organizar os reforzos e actividades así como asesorando os titores 	Xaneiro
Elaboración do DRdororienta.	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos acerca das intervencións realizadas co alumnado ao longo do curso académico. 	maio-xuño
Elaboración dos informes de final de ciclo e/ou etapa.	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dos informes do alumnado que foi obxecto de avaliación e intervención por parte do DO. 	Xuño

Informar das solicitudes de cambio de centro.		Xuño
Avaliación do Plan de Orientación.		xuño
Avaliación do Plan de Actividades do DO.		xuño
Elaboración e aprobación da Memoria do DO.		xuño

9. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Para propoñer uns obxectivos e poder constatar cal é o seu grao de consecución é necesario levar a cabo un proceso de avaliación. Neste caso a avaliación abranguerá tres momentos:

- **Avaliación inicial:** servirá para obter información do punto de partida. Para iso empregaranse os datos da memoria final do curso pasado, a avaliación global do alumnado do curso pasado, os datos recollidos nos expedientes do Departamento, os resultados obtidos da avaliación inicial dos alumnos de Educación infantil e Primaria así como as demandas realizadas nos distintos niveis, partindo sempre do coñecemento dos recursos materias e humanos cos que se contan.
- **Avaliación continua:** terá carácter formativo. Permitirá adaptar as nosas actuacións ás demandas e necesidades existentes. Basearase nos resultados das diferentes actividades que se leven a cabo, ademais da valoración sobre elas de docentes, familias, etc. Dunha forma periódica, reunirse o DO para analizar a marcha das diferentes actividades e programas propostos para este curso académico, realizando as oportunas melloras e modificacións. Farase unha revisión trimestral de ditas actividades.
- **Avaliación final:** teranse en conta os datos das outras avaliacións e as reflexións do profesorado que permitirán saber se os obxectivos propostos foron axeitados e realistas, co fin de contribuír á mellorar para o vindeiro curso.

No mes de xuño realizarase a avaliación deste Plan, dos procesos e dos resultados, que se incorporará á Memoria do Departamento de Orientación que incluíra unha reflexión sobre os logros acadados e as dificultades atopadas, así como posibles medidas para paliarlas e establecendo plans de mellora.

Entre os **criterios de avaliación** que se terán en conta, cabe subliñar os seguintes:

- Grao de coordinación entre os membros do Departamento de Orientación e calidade da mesma.
- Grao de coordinación acadado coas institucións e axentes externos e calidade da mesma.
- Grao de participación do alumnado nas actividades previstas.
- Grao de participación e implicación do equipo docente nas actividades e medidas propostas e nivel de cumprimento.
- Efectividade e validez das medidas de atención a diversidade.
- Idoneidade dos medios e recursos dispoñibles para a realización das avaliacións psicopedagóxicas.
- Grao de coordinación e colaboración coas familias do alumnado.

Para concluír, resaltar que esta programación terá un carácter aberto, flexible e revisable co obxecto de contribuír á mellorar a calidade do ensino.

En Ferrol, a 14 de outubro de 2020.

A Xefa do Departamento de Orientación

Alba Alcázar Villaverde

